




Aínda que naceu en Bos Aires en 1956, **Xurxo Alonso** reside dende neno en Vilagarcía, onde se desenvolve como pintor e poeta. Licenciado en Bioloxía Mariña pola Universidade de Santiago de Compostela, na súa formación como artista plástico participou nos obradoiros do Círculo de Belas Artes de Madrid, dirixidos por J. Guinovart, M. Alcorlo e B. McLean, así coma no de Arteleku (Donosti), dirixido por Bonifacio Alfonso. Con obra en diferentes coleccións públicas e privadas de todo o Estado español, como pintor ten realizado, de feito, máis de setenta exposicións individuais e gañado diversos premios entre os que consta o Nacional de Pintura de Puertollano, as bienais de Pamplona e de Pontevedra, o Premio Eixo Atlántico de Bragança ou o Premio Gredos de Ávila.

Pero Alonso conta tamén con toda unha traxectoria no eido da poesía, artellada arredor de nove libros publicados: *Onde viven os saqueadores de naufraxios* (2002), *Cidades de area* (2005), *Breviario de Aldemunde* (2005), *Cartas da fronteira* (2017), *Oracións profanas* (2019), *No interior do vento* (2019), *En luz escrita* (2020), *Hora de penumbra* (2020) e *As vaidosas agonías* (2021). Por eles e por outras pezas máis breves foi galardoado con diversos recoñecementos: entre outros, o Premio Francisco Añón, o Xohán de Requeixo, o Avelina Valladares, o Feliciano Rolán, o Johán Carballeira, o Fermín Bouza-Brey, os premios de poesía que conceden o Concello de Carral, o de Marín e o de Ourense, o Díaz Castro, o Torre da Caldaloba e mais o Leiras Pulpeiro.

ARXILA

ARXILA, SÓ po esmiuzado.
Moito escriben das túas propiedades
cando te xuntas e fas corpo ou rebento
nos inzadoiros do bosque,
materia viva que vén dos claustros mortos
da terra, viraxe dun designio,
arrepentimento de substancias que optaron por moverse
nas acordanzas das feridas sandadas no estribor primeiro.
No pulo tirante do sol, o foxo aberto
do tempo é galaxia do final para o beizo húmido
que descansa dos cobaltos rebeldes.
Se venciches o espasmo avanzando
polas arterias do tempo endurecido,
expandindo epiderme de flor
nas estacións desazadas da noite,
o serodio amidón que apreste os lenzos do mar,
a viaticada bruma dos días dilatorios
que presaxie as comechóns do sal
será barateza malpocada das vellas cousas,
vangloria sen contadorías de ricohome.
Os que temos o devocionario da devastación
sabemos de todo aquilo que se inzou en vós
e agora espides no convoi que atravesa
as agras contusas do tempo.




27MAR
20:00h
Centro Ágora

Poetas Di(n)versos

María
Baranda





Nada na Cidade de México, **María Baranda** é autora de varios libros de poesía, entre eles *El jardín de los encantamientos* (1989), *Premio Amado Nervo*; *Los memoriosos* (1995), *Premio Efraín Huerta*; *Moradas imposibles* (1997), *Premio Iberoamericano Francisco de Quevedo*; *Dylan y las ballenas* (2003), *Premio Nacional de Poesía Aguascalientes*, *Ficticia* (2005), *Ávido mundo* (2006), *Arcadia* (2009), *Teoría de las niñas* (2018), *Cañón de Lobos* (2021) e *Un leve aullido bajo la arena* (2023).

Ademais dos mencionados, en 2015 recibiu o Premio Internacional de Poesía Sabines-Gatien Lapointe no Canadá e en 2018 o Internacional de Poesía Ramón López Velarde pola súa traxectoria. No 2021 foi finalista do Premio Letterario Internazionale Camaiore en Italia. Con poemas traducidos a unha chea de linguas, ten libros publicados en Bélxica, Canadá, Estados Unidos, China, Italia e Reino Unido. A Universidade de Yale publicou en 2021 o seu libro *The New World Written. Selected Poems* e, tamén nese ano, Milkweed Editions publicou a tradución da poesía completa de San Juan de la Cruz ao inglés que Baranda realizara a canda Paul Hoover. Tamén é autora de volumes para nenos/as, polos que recibiu diversos recoñecementos coma o Iberoamericano de Literatura Infantil e Xuvenil da Fundación SM en 2019, mentras que en 2017 foi Embaixadora da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de México. Actualmente, é a titora en poesía da Fundación para as Letras Mexicanas, e dirixe a Cátedra Extraordinaria Octavio Paz.

FORMAS DE AMAR

*Veo por la ventana aquella liebre
del poema de Miłosz. Con qué emoción
le cuento: querido Czesław la vi
corriendo aparecida
en ese campo helado de tu página
estaba ahí lo juro
en el camino al borde entre las piedras.
La liebre me miró desde lo lejos
y yo le recité esa última línea necesaria
para saber
quién es quién en los poemas:
amor, dónde están a dónde van la fuga
y el crujido.
Pero la liebre no escuchó
el tiempo que se arranca de los granos,
la memoria y la sílaba
de guerra, en fin, lo que resulta
una sola verdad
para salvarse en la poesía.*




27MAR
20:00h
Centro Ágora

Poetas Di(n)versos

Xurxo
Alonso